


Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Dna. María Rozas Pérez
D. Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dna. Branca Petra Novo Rey
Dna. Concepción Fernández Fernández
D. Xan Xesús Duro Fernández

Ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar o día **07 de agosto de 2015, ás 9:30 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación de Acta de sesión anterior.
- 2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de consolidación da cuberta dunha vivenda unifamiliar sita no lugar Cañoteira de Marrozos (da), 20. (LIC/736/2015).
- 3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de substitución de cuberta en edificación sita na rúa Canteira de Arriba (da), 58. (LIC/717/2015).
- 4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de ampliación do recorrido do ascensor nunha planta e substitución do mesmo no inmovible sito na rúa Nova de Abaixo, 7. (LIC/918/2015).



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de mellora de accesibilidade en planta baixa de edificio sito na rúa República do Salvador nº 17. (LIC/1059/2015).

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación a título gratuito e libre de cargas e gravames da cesión de terreo dende a aliñación oficial e concesión da licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Lugar de Cortiñas Suas Casas - O Eixo. (LIC/380/2015).

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de recheo e acondicionamento de parcelas en Lg. de Vilacoba. (LIC/689/2015).

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación dunha edificación sita en Lg. Currais (Os). (LIC/628/2015).

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación da cuberta dun inmovible sito na rúa Rosario, 20. (LIC/1091/2015).

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de prórroga da licenza concedida pola xunta de goberno local do 3 de agosto de 2010 e prorrogada en sesión do 12 de setembro de 2013, exptes. LIC/1223/2009 e LIC/1173/2013, para a construción de 99 vivendas VPA, locais, garaxes e rochos en rúa Muiña (da). (LIC/564/2014).

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación de renuncia á licenza outorgada por acordo da xunta de goberno



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

local na sesión do 17 de novembro de 2009 para a construción dun edificio de oficinas e 4 vivendas dúplex na rúa Monte do Seixo nº 4 e 6 e declarar extinguida para todos os efectos a licenza no seu día concedida. (LIC/825/2008).

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo de declaración dunha área de rehabilitación integral xeral no barrio de Vite e o compromiso de manter unha oficina municipal de rehabilitación con medios suficientes para a xestión e o impulso das actuacións de rehabilitación nese ámbito.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación dos proxectos "ACCESOS Á VIA VERDE ENTRE OS PARQUES DE BONAVAL E ALMÁCIGA: ÁMBITO I" e "ACCESOS Á VIA VERDE ENTRE OS PARQUES DE BONAVAL E ALMÁCIGA: ÁMBITO II".


14.- Proposta da concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Andrea de apoio a los niños con enfermidades de larga duración, crónicas o terminales para o ano 2015.

15.- Proposta do concelleiro substituto da concelleira delegada de Igualdade relativa á solicitude de subvención para equipamento do Centro de Información ás Mulleres (CIM).

16.- Servizo de mantemento da aplicación informática de xestión de expedientes AUPAC (da empresa GADD) do Concello de Santiago de Compostela.

17.- Adxudicación do contrato de proxecto básico e de execución de reforma do Campo de fútbol de Conxo - Santiago de Compostela.

18.- Adxudicación do contrato de conexión exterior de instalacións existentes das redes e servizos campo de fútbol de Conxo.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

- 19.- Proposta da concelleira delegada de Comercio relativa á resolución da convocatoria de subvencións á realización de actividades de promoción e dinamización comercial no Concello de Santiago para o ano 2015.
- 20.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á renuncia de subvención outorgada pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).
- 21.- Recoñecementos extraxudiciais de crédito.
- 22.- Recoñecemento de obrigas ao abeiro do previsto no artigo 19.8 das Bases de Execución do Orzamento 2015.
- 23.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.
- 24.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 06 de agosto de 2015

A Alcaldesa en funcións

Asdo: María Rozas Pérez